



Concello de Lugo

CONTRATACION
RDI
Refª: ACTA O.E.
Asunto: ACTA APERTURA OFERTA ECONÓMICA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2013

Sendo as 13:30 horas do día 7 de xuño de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprego, autónomos e educación dona Sonia Mendez García, actuando como vocais dona Esther Nuñez Ayala, polo Grupo Municipal Socialista ; don Manuel Enríque Chaín Fernández, Tenente de Alcalde da área de Infraestructuras e Medio Rural; don Xosé Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular; don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello; don Luis Casais, Xefe da Asesoraía Xurídica o e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación.

Tamén asisten ao acto público dona Lucía Pumaren representación da Federación Galega da Construcción

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte da Sr. Secretario a informar que a mercantis COPCISA, S.A e JOSÉ FERNÁNDEZ GÓMEZ presentaron a documentación requirida pola mesa de contratación na sesión celebrada o día 29 de maio do ano en curso; procedendose ao seu examen por parte dos membros da mesa acordando por unha banda considerar correcta a documentación presentada por COPCISA, S.A., e por outra banda excluír a mercantil JOSÉ FERNÁNDEZ GÓMEZ da licitación por non acreditar adecuadamente a solvencia técnica (en concreto os tractores non teñen os 90 CV de potencia esixidos na cláusula sexta dos pregos de cláusulas administrativas particulares)

Procédese a contiuación dos sobres B de documentación administrativa das proposicións admitidas, co seguinte resultado:

- FERTAT OBRAS E SERVICIOS, S.L:
. Prezo por quilómetro: 125,84 €, IVE INCLUIDO
- T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L:
. Prezo por quilómetro: 104,50 €, IVE INCLUIDO



MURALLA
patrimonio da humanidade

CONTRATACION

RDI

Refª: ACTA O.E.

Asunto: ACTA APERTURA OFERTA ECONÓMICA

- COPCISA

. Prezo por quilómetro: 111,56 €, IVE INCLUIDO

Vistas as ofertas económicas os membros da mesa consideran anormal ou desproporcionada en aplicación do establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares e no artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro , polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas a oferta económica presentada pola empresa - T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L, polo que acordan concederlle un trámite de audiencia por un prazo de DEZ DÍAS HÁBILES para que xustifique a valoración da súa oferta económica e para que precise os términos da mesma.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas, horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

